



# Concerto Sacro 2012

# Coro Clásico de Vigo

Director: Joaquín Carvajal

## Lugares e datas

**29 marzo (xoves).- Colexiata de Vigo - (20.30 h.)**

**30 marzo (venres).- Igr. Parroq. de Cangas (Misa Virxe das Dores)- (19.00 h.)**

**31 marzo (sábado).- Igr. De Cortegada (Ourense) – (20.30 h.)**

**2 abril (luns).- Igr. Parroq. de “La Soledad” O Castro - (19.45 h.)**

**3 abril (martes).- Igr. Parroq. de Teis –Vigo- (19.45 h.)**

**4 abril (mércores).- Igr. de María Auxiliadora – Vigo – (20.30 h.)**

# **PROGRAMA**

## **I.- "Misa en honor del Apóstol Santiago" de Xoán Montes (Lugo, 1840 – 1899)**

- 1) Kyrie
- 2) Gloria
- 3) Credo
- 4) Sanctus - Benedictus
- 5) Agnus Dei

**(ORGANISTA: Fernando Sequeiros)**

## **II.- SEIS MOTETES DA PAIXÓN DE CRISTO**

- 1) Tanquam ad latronem (T. Luis de Vitoria, 1548-1611)
- 2) O vos omnes (*Idem.*)
- 3) Tenebrae factae sunt (*Idem*)
- 4) In Monte Olivetti (J.I. Prieto, 1900-1980)
- 5) Omnes amici mei (*Idem*)
- 6) Velum templi scissum (N. Otaño, 1880-1956)

## **III.- Libera me Domine (Requiem nº 6)**

**(G. Fauré, 1845-1924)**

**(Solista: Alfredo Alvarez Cordero)**

### **Notas ao Programa.**

**1ª parte** .-Por que unha misa latina de X. Montes, nun Concerto Sacro da Semana Santa? X. Montes (1840-1899), o célebre músico lugués compuxo esta Misa para Coro, Orquestra e Órgano no ano de 1887. Estreouse nese ano, pero logo permaneceu no esquecemento ata que en 1993, case 100 anos despois, o investigador P. López Calo publicouno nas obras completas de Montes e foi interpretada ao ano seguinte polos Coros Ars Musicae e Coro Clásico en Pontevedra, coa Xove Orquestra de Galicia e a dirección de X.Trillo. En 2004 interpretouse en Santiago co Orfeón Terra a Nosa e a Real Filarmónica de Galicia.

Decidimos reinterpretala de novo, porque estamos convencidos de que é unha gran obra chea de momentos emocionantes e inesquecibles, unha obra romántica ao

estilo de Mendelsshon, con melodías cargadas de lirismo mesturado ás veces con esa vea popular que o compositor usou en toda a súa producción. Nos seus cinco apartados recóllense cantos penitenciais (*Kyrie e Agnus*), de encomio e adoración (*Gloria e Santus-Benedictus*). O *Credo* é a parte más ampla e interesante. Verdadeiro compendio de todos os misterios da Fe católica, é aquí onde se presenta a figura de Cristo desde a súa encarnación e nacemento (“*et incarnatus est...*”), a súa paixón e crucifixión (“*crucifixus est...*”), sepultura e posterior resurrección con cores sempre emotivas, dramáticas ou alegres, segundo a exixencia do sonoro texto latino e onde o compositor acerta plenamente, logrando neses momentos superar a ás veces monocroma persistencia harmónica e rítmica. É mágoa que estas xoias artísticas, tras as innovacións litúrxicas do Vaticano II, non teñan cabida habitual na liturxia de todos os días e que teñan que pasar anos para seren interpretadas. Por iso ofrecémola hoxe con gran pracer e non menor esforzo no presente Concerto.

**No Apartado II** do Concerto, preséntanse seis motetes da Paixón. Os tres primeiros son de Tomás Luís de Vitoria, o máis importante compositor do Renacemento español. Nacido en Avila e formado en Roma cos auspicios de Palestrina. Forma con Morais e F. Guerreiro o núcleo da Escola Sacra española do Renacemento. Vitoria describe como ninguén na súa “*Officium Hebdomadae Sanctae*” (1585) o dramatismo das escenas evanxélicas da Paixón, o movemento dos personaxes, o sentimento de abandono e de dor de Cristo. Así se pode ver nos tres motetes que presentamos hoxe e que describen sucesivamente. O prendemento no Monte das Oliveiras (“*Tamquam ad latronem*”), a figura dorida de Cristo tras a flaxelación (“*O vos omnes*”) e a escena sombría e patética do Calvario, descrita no “*Tenebrae factae sunt*”, como ninguén soubo facelo.

Semellantes escenas e sentimentos recóllense a continuación nos tres motetes da Escola Comillesa de música sacra, os xesuítas N. Otaño e J. Ign. Prieto fundador e continuador respectivamente da soada Schola Cantorum de Comillas (Santander). Na peza “*In monte Oliveti*” descríbese a oración de Cristo no Horto e os reproches que fai aos seus discípulos durmidos. A continuación o abandono dos seus amigos (“*Omnes amici mei dereliquerunt me*”) e a dor do cruel flaxelo (“*Praga crudeli percutientes*”). E finalmente a caótica situación do Calvario no momento da morte de Cristo (“*Velum templi scissum est..*”). A música dos compositores do S. XX é totalmente diferente no seu aspecto formal e estrutural á de Vitoria, pero a intención expresiva e a finalidade da súa arte é a mesma: causar un fondo impacto emocional no oínte.

**Na III parte** presentar ou nº 6 do *Requiem* de Gabriel Fauré (1845-1924), composto en 1888. Esta soada peza do compositor francés é unha serena e mística consolación e non unha visión dramática, como ocorre nos *Requiem* de Berlioz ou Verdi. Cheo de profunda relixiosidade e lirismo, adquire ás veces un gran alento expresivo. Este contraste entre momentos dun lirismo íntimo e outros de gran forza emotiva confire á obra un gran encanto e interese.

## Coro Clásico de Vigo

Foi presentado en decembro de 1978. Á fronte está o seu fundador Joaquín Carvajal. O Coro nace como un grupo de Cámara interesado especialmente na Polifonía renacentista do s. XVI (Cancioneros de Palacio e Upsala, Guerreiro, Vitoria, etc.), pero sen refugar ningún outro xénero ou estilo musical, incluído o s. XX e o folclore de Galicia.

Participou con notable éxito no Certamen Internacional de Tolosa e obtivo premios en Avilés, Marín, rexional de Citroen, TV. Galega, etc.

Son tamén constantes as súas participacións en encontros corais doutras comunidades (País Vasco, Andalucía, Madrid, etc) así como tamén en Portugal (Viana, Braga, Evora, Montemor ou Novo, Tomar, etc).

Colaborou en varias ocasións coa Orquestra Clásica de Vigo e coa Xoven Orquestra de Galicia interpretando o *Gloria* de Vivaldi, a *Misa do Apóstolo Santiago* de Xoán Montes e estreou en Galicia o *Beatus Vir* de Zippoli. Foi importante tamén a súa interpretación do *Requiem* de G. Fauré.

O seu repertorio, moi amplio e variado, abarca máis de 300 pezas de todas as épocas e estilos, polo xeral pouco interpretadas na súa contorna, ás que sabe comunicar unha sensibilidade especial, moi do agrado do auditorio que acode aos seus concertos.



Patrocinan



Diputación  
Pontevedra

